

NUMERO EXPEDIENTE	2024014382
ASUNTO	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE DOUS FORNOS INDUSTRIAIS PARA A COCIÑA XERAL DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte **PROVIDENCIA**

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

O Centro Príncipe Felipe (en diante CPF) da Deputación de Pontevedra é unha institución de carácter educativo e social, concibida para acoller e formar a aquelas e aqueles menores en situación de risco ou exclusión social co obxectivo de mellorar o seu benestar social e favorecer a súa integración.

O CPF conta cunha cociña xeral que elabora e serve unha media de 300 comidas ao mediodía e 100 ceas de luns a venres e unha media de 50 comidas e 50 ceas nas fins de semana, durante os 365 días ao ano. Estes menús, compóñense dun primeiro e segundo prato e guarnición ao mediodía e dun prato principal e guarnición nas ceas. Adicionalmente, dentro das comidas e ceas indicadas, a cociña xeral ten que elaborar unhas 50 dietas de distintos tipos á comida e 25 dietas a cea.

O forno co que conta actualmente a cociña ten unha antigüidade superior a 20 anos, o que provoca dificultade para encontrar repostos para a reparación das distintas avarías que ven sufrindo durante os últimos anos e un elevado custe das mesmas. Así mesmo, a substitución deste elemento por un modelo actual permitiría aforrar un 18% de consumo de enerxía, auga e tempo de traballo e ata un 15% de mingua no produto cociñado; así como a obtención de mellores resultados.

Por outra banda, cabe destacar que a necesidade de compra de dúas unidades fundaméntase no feito de que debido a ocupación do CPF, a composición dos menús e os horarios de servizo das distintas comidas; estas teñen que ser rexeneradas nos fornos antes de metelas nos carros isotérmicos nos que se reparten ós distintos centros. Non obstante, coa capacidade dun só forno a rexeneración debe realizarse en dúas ou tres quendas, o que impide que ás veces a comida chegue coa temperatura que marca a lexislación hixiénico sanitaria; feito que se solucionaría con dispor de dúas unidades.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

Responsable do contrato:	María José Fernández Lamas
Responsable da Administración:	Ana María Soto Prieto



3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:	
Denominación do contrato:	Adquisición de dous fornos industriais para a cociña xeral do Centro Príncipe Felipe
Obxecto e contido:	O subministro de dous fornos vaporizadores combinados a gas, de 20 niveis, para a cociña xeral do Centro Príncipe Felipe, incluíndo o seu transporte, descarga, instalación e posta en marcha, a realización dunha formación sobre a súa utilización ao persoal do CPF e a prestación da garantía dos fornos subministrados durante un prazo de dous anos, incluíndo unha revisión anual.
CPV:	42214100: Fornos de cociña.
Lotes	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON: Xustificación: Atendendo a natureza do contrato non procede a división en lotes.

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:	
Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <input type="text"/>
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN*:		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE incluído)
2024	232.2312.625.01	59.955,50 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:	
Prazo de execución/duración do contrato:	O prazo de execución do contrato será de dez (10) semanas, a contar desde a data que figure no documento de formalización.
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:	
CONCEPTO	CUSTO
Orzamento base de licitación	49.550,00 €



IVE (21%)	10.405,50€
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN CON IVE	59.955,50€

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

Os prezos utilizados para levar a cabo esta estimación fixéronse de acordo cos actuais prezos de mercado, entendendo incluídos os gastos de entrega e transporte, tal e como recolle o artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e tomando como referencia as distintas empresas que operan no sector.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado ascende a cantidade de **CORENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS (49.550,00€)**.

8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

Pago único.

O contrato finalizará coa firma do acta de recepción dos fornos instalados, que se acompañará dun informe de comprobación do responsable do contrato no que se constata a correcta execución da prestación.

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:

Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI: Especificación e explicación:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
SOLVENCIA TÉCNICA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	



<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
COMPROMISO DE MEDIOS	

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterio:	MENOR PREZO OFERTADO (sen IVE), ata un máximo de 80 puntos. Este criterio avaliarase en función das fórmulas establecidas nos pregos de cláusulas administrativas da Deputación de Pontevedra.												
Xustificación:	Establécese como criterio relacionado cos custos o prezo, de conformidade co previsto no artigo 148 da LCSP.												
Criterio:	AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA, ata un máximo de 10 puntos. Neste criterio valorarase a ampliación do prazo de garantía proposto no PPTP, de 2 anos. O prazo de garantía ofertado deberá garantir a prestación deste servizo segundo as condicións establecidas no PPTP, e incluíndo como mínimo unha revisión anual en cada ano de duración da citada garantía. A valoración realizarase segundo a seguinte táboa: <table border="1" data-bbox="416 1021 1193 1173"> <thead> <tr> <th>Prazo de garantía ofertado</th> <th>Puntuación</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>4 anos</td> <td>10 puntos</td> </tr> <tr> <td>3 anos</td> <td>5 puntos</td> </tr> <tr> <td>2 anos (<i>prazo esixido no PPTP</i>)</td> <td>0 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	Prazo de garantía ofertado	Puntuación	4 anos	10 puntos	3 anos	5 puntos	2 anos (<i>prazo esixido no PPTP</i>)	0 puntos				
Prazo de garantía ofertado	Puntuación												
4 anos	10 puntos												
3 anos	5 puntos												
2 anos (<i>prazo esixido no PPTP</i>)	0 puntos												
Xustificación:	A proposta deste criterio contribúe unha mellora no obxecto do contrato e establece en relación co servizo posventa e asistencia técnica e compromisos relativos a recambios e seguridade do subministro, recollido como criterio de avaliación da mellor relación calidade-prezo no apartado 2.3º do artigo 145 da LCSP.												
Criterio:	REDUCCIÓN DO PRAZO MÁXIMO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN, ata un máximo de 10 puntos. Neste criterio valorarase a redución do prazo de subministro, instalación e posta en marcha proposto no PPTP, de 10 semanas. Para a valoración terase en conta unha redución mínima de 1 semana e unha máxima de 4 semanas, e realizarase de acordo o previsto na seguinte táboa: <table border="1" data-bbox="416 1630 1517 1854"> <thead> <tr> <th>Prazo de instalación ofertado</th> <th>Puntuación</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>6 semanas (<i>reducción máxima do prazo permitida</i>)</td> <td>10 puntos</td> </tr> <tr> <td>7 semanas</td> <td>7,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>8 semanas</td> <td>5 puntos</td> </tr> <tr> <td>9 semanas</td> <td>2,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>10 semanas (<i>prazo esixido no PPTP</i>)</td> <td>0 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	Prazo de instalación ofertado	Puntuación	6 semanas (<i>reducción máxima do prazo permitida</i>)	10 puntos	7 semanas	7,5 puntos	8 semanas	5 puntos	9 semanas	2,5 puntos	10 semanas (<i>prazo esixido no PPTP</i>)	0 puntos
Prazo de instalación ofertado	Puntuación												
6 semanas (<i>reducción máxima do prazo permitida</i>)	10 puntos												
7 semanas	7,5 puntos												
8 semanas	5 puntos												
9 semanas	2,5 puntos												
10 semanas (<i>prazo esixido no PPTP</i>)	0 puntos												



Xustificación	Este criterio resulta unha mellora no prazo de entrega, o que se establece como criterio de avaliación da mellor relación calidade- prezo no apartado 2.3º do artigo 145 da LCSP, e contribúe a unha mellora no obxecto do contrato.
----------------------	--

12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Unicamente o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta.

Determinarase o umbral de temeridade segundo fórmulas establecidas.

13. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

As ofertas ademais do modelo de proposición proposto, deberán achegar marca, modelo e ficha técnica dos produtos propostos pola empresa licitadora, na que se reflectan todas as características esixidas como mínimas no PPTP, referentes a características xerais, conexións, corpo do forno, equipamento e funcións.

14. PENALIZACIÓNS:

x O aplicable en defecto de previsión

15. OBRIGAS ESENCIAIS:

- O deber de comunicar calquera incidencia que supoña un cambio nos prazos, lugar e procedemento de entrega do subministro.
- Os compromisos de medios materiais e humanos aos que se comprometeu a empresa contratista para a execución do contrato.
- Realizar os traballos de acordo coas condicións fixadas como mínimas no prego de prescricións técnicas e de acordo coas características, condicións e calidades fixadas na oferta do contratista.
- Redución ao mínimo das embalaxes exteriores, que en todo caso deberán ser reciclables.
- Obriga da empresa adjudicataria de lle aplicar ao persoal que executará o contrato as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo. A ou o contratista remitiralle á Deputación, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e o cumprimento da normativa sinalada.

16. OBRIGAS ESPECIAIS:



- Cumprimento do disposto no Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), mediante o emprego dunha linguaxe oral, escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

En toda a documentación, publicidade, imaxe ou material que se xere con motivo da execución do contrato, a empresa ou entidade adxudicataria deberá empregar un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

- Pagamentos a subcontratistas e provedores, os deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

A ou o contratista remitiralle á Deputación, cando así o solicite, unha relación daquelas e daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato, xunto coas condicións de subcontratación e o xustificante de cumprimento dos pagamentos (carácter esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).

- Obriga da empresa adxudicataria de lle aplicar ao persoal que executara o contrato as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo (carácter esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).

A ou o contratista remitiralle a Deputación, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e cumprimento da normativa sinalada.

- A empresa contratista ten a obrigaón de someterse á normativa nacional e da Unión Europea vixentes en materia de protección de datos.
- A empresa contratista, no caso de ter 50 ou máis traballadores, ten a obrigaón de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, que remitiralle á Deputación cando esta llo solicite.

A empresa contratista deberá garantir a paridade salarial entre as mulleres, os homes e outras persoas traballadoras con identidade ou condición sexual ou expresión de xénero diferente.

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.



Considerando. - Que por Resolución da Presidencia co CSV: T314QJGRHTU8IM4L, e Resolución co CSV: KAO7V29HCW46LDBO, de data 15 de marzo de 2024, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro.-Iniciar o expediente para a contratación de “**Adquisición de dous fornos industriais para a cociña xeral do Centro Príncipe Felipe**”, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

O presente escrito de Providencia de inicio do expediente de contratación
Prego de Prescricións Técnicas

Asinado electronicamente ao marxe

